

PRECUELA OU SECUELA

TÍTULO: _____

Libro _____

Autoría _____

Ano de publicación _____

Autoría do traballo

Nivel _____ **Curso** _____

Ano académico _____

[ESTE DOCUMENTO DEBERÁ IMPRIMIRSE E CUBRIRSE Á MAN E LOGO DEBERÁ SER ENTREGADO NA AULA O DÍA QUE REMATA O PRAZO DE ENTREGA]

ELABORACIÓN DA PRECUELA OU SECUELA

O deseño é, con moita diferenza, o que máis tempo leva na elaboración do relato. O que é propiamente a escritura levaranos menos tempo porque a faremos a partir da información previa que decidamos no deseño.

1. Eliximos o tema
2. Escribimos o argumento
3. Escribimos a trama
4. Dividimos a trama en escenas

Tema: é a idea principal que a nosa obra quere transmitir. Normalmente os temas son os mesmos en todas as obras (amor, morte, o ben contra o mal, a soidade, o poder, a liberdade, o medo, os celos, a supervivencia...).

O tema vai condicionar tamén a natureza das **personaxes**, se queremos unha historia con final feliz a personaxe principal ten que ter un aspecto positivo e un problema ou defecto para que ao superalo cheguemos a ese final feliz.

ESCRIBIDE AQUÍ BREVEMENTE O VOSO TEMA

ARGUMENTO

É a sucesión de acontecementos que ocorren na historia, por orde cronolóxica e sen relacións causa-efecto. Vén sendo un resumo o máis detallado posible da obra.

Precuela: o punto de partida é anterior ao comezo do libro e o punto final e o momento en que comeza o libro.

Secuela: o punto de partida e o momento en que remata o libro e o punto final é un momento posterior ao final do libro.

ESCRIBE/ESCRIBIDE AQUÍ A OPCIÓN ELIXIDA: _____

ESCRIBE/ESCRIBIDE AQUÍ O VOSO ARGUMENTO O MÁIS DETALLADO POSIBLE (usa/usade o número de páxinas necesarios)

**ESCRIBE/ ESCRIBIDE AQUÍ O VOSO ARGUMENTO O MÁIS DETALLADO
POSIBLE (usade o número de páxinas que necesitedes)**

TRAMA

É a estrutura da obra (pode ser lineal ou non) e as súas relacións causa-efecto.

Na trama temos que indicar 4 elementos básicos:

- **Quen son as personaxes?**
- **Que fan as personaxes?**
- **Por que o fan?**
- **Onde e cando o fan?** (ambientación)

Para construír a trama temos que:

- **Elixir o tipo de narrador** (se é un narrador omnisciente vaino saber todo, se é un narrador testemuña só vai saber o que ven os seus ollos).

INDICA/INDICADE AQUÍ O TIPO DE NARRADOR

- **A orde en que imos presentar os feitos:**

PRECUELA: comezamos por un momento anterior ao libro e rematamos cando comeza o libro.

SECUELA: comezamos polo final do libro e avanzamos co que ocorre a partir dese momento.

- **Elixir unha estrutura.** A máis clásica é a estrutura en tres actos inicio-conflicto ou nó-desenlace. Para iso tedes que construír a trama na táboa da páxina seguinte adxudicando que parte dela iría en cada acto.

CUBRIDE A TÁBOA DA ESTRUTURA EN ACTOS (usade a lonxitude das táboas que necesitedes)

ESTRUTURA EN TRES ACTOS		
INICIO	CONFLITO OU NÓ	DESENLACE

--	--	--

O seguinte paso será dividir os actos en escenas ou capítulos, eu recomendo ir a unha estrutura en tres capítulos con tres escenas cada un.
COMPLETA/COMPLETE A TÁBOA DA ESTRUTURA EN ESCENAS (usa/usade a lonxitude das táboas que sexa necesaria)

CAPÍTULO 1: ESCENAS DO INICIO		
I	II	III

--	--	--

CAPÍTULO 2: ESCENAS DO CONFLITO OU NÓ

III

IV

V

--	--	--

CAPÍTULO 3: ESCENAS DO DESENLACE		
VII	VIII	XIX

--	--	--

O feito ata aquí son ferramentas para a escrita, pode pasar que sobre a marcha cambies/cambiedes cousas, é normal, niso consiste o momento creativo.

AGORA XA ESTÁS/ESTADES EN CONDICIÓNS DE COMEZAR A ESCRIBIR A TÚA/VOSA HISTORIA...

[ESCRÍBEA/ESCRIBÍDEA A PARTIR DA ÚLTIMA PÁXINA DESTA FICHA]

Valoración da lectura

Nestes apartado escribiremos como valoramos a lectura desta obra. No caso de realizar a precuela ou secuela en parella as valoracións serán diferenciadas.

Valoración do traballo

Nestes apartado escribiremos como valoramos o proceso de elaboración deste traballo. No caso de realizar a precuela ou secuela en parella as valoracións poderán ser diferenciadas.

EXPOSICIÓN DA PRECUELA OU SECUELA

Indicacións para a exposición

No caso de ser realizada a precuela ou secuela por máis dunha persoa na exposición oral deberán participar de forma equilibrada as dúas persoas integrantes do grupo de traballo.

Guión da exposición

De seguido sinálase o guión para a exposición da cápsula do tempo e a distribución das intervencións.

1. Presentación das persoas e da precuela ou secuela (persoa 1)
2. Explicación do proceso de elaboración (persoa 2)
3. Exposición e explicación capítulos (2 capítulos a persoa 1 e 1 capítulo a persoa 2)
4. Valoración da lectura (persoa 1)
5. Valoración do traballo. (persoa 2)
6. Despedida (persoa 2)

ENTREGA DA PRECUELA OU SECUELA

O día que remate o prazo de realización deberá entregarse esta ficha debidamente cuberta á man e un pendrive cun PDF que conteña unha portada coa autoría e as páxinas da precuela ou secuela escritas á man escaneadas.

O día da exposición deberá levarse á aula a precuela ou secuela para a súa exposición.

**[ESCRÍBEA/ESCRIBÍDEA A PARTIR DE AQUÍ A VOSA PRECUELA OU
SECUELA NO NÚMERO DE PÁXINAS QUE PRECISES/PRECISEDES]**